



## CONCELLO DE CHANTADA

---

**EXPEDIENTE: 301/2021**

**OBXECTO: MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 13/2021, CRÉDITO EXTRAORDINARIO 01/2021**

Dona María Yebra-Pimentel López, Funcionaria de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, que desempeña o posto de Intervención do Concello de Chantada, en cumprimento das obrigas de control financeiro permanente establecidas no artigo 4 do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se establece o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional e no RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se establece o Réxime Xurídico do Control Interno das Entidades do Sector Público Local emite o seguinte

### INFORME

#### ANTECEDENTES DE FEITO

Fundamentalmente, obra no expediente a seguinte documentación

- Providencia de Alcaldía de data da sinatura dixital pola que se inicia o expediente.
- Memoria de Alcaldía de data da sinatura dixital explicativa da modificación de crédito pretendida.
- Tasación do inmovible sito na praza de España número 23 realizada polos servizos técnicos municipais-
- Documentación obrante no expediente 11/2021 relativo á liquidación do orzamento do Concello de Chantada correspondente ao exercicio 2020.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

Fundamentalmente, resulta de aplicación a seguinte normativa:

- RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF)
- RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I da LRFL (RD 500)
- RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se establece o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional.
- RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se establece o Réxime Xurídico do Control Interno das Entidades do Sector Público Local.

---

**CONCELLO DE CHANTADA**

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 7X19KN7637L3M1XVMK2N19TXQK | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4



## CONCELLO DE CHANTADA

---

- Bases de Execución do Orzamento do Concello de Chantada para o exercicio 2021.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** Segundo o artigo 177 do TRLRFL cando se teña que realizar algún gasto que non se poda demorar ata o exercicio seguinte e non exista no orzamento da corporación crédito ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o presidente da corporación ordeará a incoación do expediente de concesión de crédito extraordinario no primeiro caso, ou de suplemento de crédito no segundo.

O expediente, que deberá ser previamente informado pola Intervención, someterase á aprobación do Pleno da Corporación, con suxeición aos mesmos trámites e requisitos que os orzamentos. Serán asimesmo de aplicación as normas de información, reclamación e publicidade dos orzamentos ás que se refire o artigo 169 da Lei.

O expediente deberá especificar a concretar partida orzamentaria a incrementar e o medio ou recurso que ten que financiar o aumento que se propón. Dito aumento financiarase con cargo ao remanente líquido de tesouraría, con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente, e mediante anulacións ou baixas de créditos de gastos de outras partidas orzamentarias do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do servizo respectivo.

**Segundo.-** Dacordo co artigo 3 da LOEPSF, a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos e os ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria coherente coa normativa europea. Enténdese por estabilidade orzamentaria a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

O artigo 11 da LOEPSF recolle a instrumentación do principio de estabilidade orzamentaria sinalando, entre outros aspectos, que a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos das AAPP e demais entidades que formen parte do sector público someterase ao principio de estabilidade orzamentaria. Ninguna Administración poderá incurrir en déficit estrutural, definido como déficit axustado de ciclo, neto de medidas excepcionais ou temporais. As Corporacións Locais deberán manter unha situación de equilibrio ou superávit.

A modificación orzamentaria que se pretende finánciase con remanente de tesouraría para gastos xerais. A peculiaridade contable do uso do remanente como fonte de financiación é o seu reflexo orzamentario, xa que se engado no Capítulo VIII do orzamento de ingresos,

---

### CONCELLO DE CHANTADA





## CONCELLO DE CHANTADA

---

financiando un gasto do Capítulo VI. Polo tanto, un ingreso financeiro financia un gasto non financeiro, afectando á estabilidade e á regra do gasto.

No Informe de Intervención emitido no expediente de elaboración do orzamento municipal estimábase unha estabilidade orzamentaria para o exercicio 2021 de 164.000 euros aproximadamente, non obstante, é posible que esta estabilidade orzamentaria sexa superior, xa que é previsible que se recoñezan dereitos procedentes de subvencións de anos anteriores. Non obstante, advírtese que se debe levar un estrito control da execución do orzamento, xa que a presente modificación podería xerar inestabilidade.

**Terceiro.-** O Acordo do Consello de Ministros de data de data 6 de outubro de 2020, seguindo as directrices comunitarias, acordou suspender as regras fiscais en 2020 e 2021 e solicitou ao Congreso dos Deputados a apreciación de que en España estamos sufrindo unha pandemia, o que supón unha situación de emerxencia extraordinaria que se axusta ao disposto no artigo 135.4 da CE e no 11.3 da LOEPSF. Esta declaración foi aprobada polo Congreso dos Deputados en data 20 de outubro de 2020, o que implica unha serie de consecuencias. Aos efectos da aplicación do acordo sinalado, a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos remitiu unha comunicación aos concellos en relación á suspensión das regras fiscais, que se incorpora ao expediente.

Non obstante, a suspensión das regras fiscais non implica renunciar á prudencia e responsabilidade na xestión financeira e, polo tanto, continúan tamén vixentes as seguintes obrigas: a) As relativas ao cumprimento do periodo medio do pagamento b) As de transparencia previstan na LOEPSF e normas de desenvolvemento c) A de avaliar a capacidade/necesidade de financiación en termos de contabilidade nacional no seu orzamento, na súa execución e na súa liquidación d) A responsabilidade fiscal e a aplicación do principio de prudencia financeira n aestimación dos ingresos e gastos para elaborar o orzamento.

### CONCLUSIÓNS

**Primeira.-** O expediente de crédito extraordinario reúne os requisitos formais establecidos para a súa tramitación.

**Segunda.-** En aplicación dos principios de boa xestión financeira, debe realizarse un adecuado control da execución do orzamento de gastos e ingresos aos efectos de garantir o cumprimento das regras fiscais a fin de exercicio, sen prexuízo da súa suspensión.

Chantada, na data da sinatura dixital

A Interventora

---

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 7X49KN7637L3M4VMK2N49TXQK | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4



## CONCELLO DE CHANTADA

---

María Yebra-Pimentel López

---

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 7X49KN7637L3MXVMKZNU9TXQK | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4